

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao arquivo dun procedemento de axuda de inclusión social

Expediente: G.6.Q/22515/17

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente ao arquivo dun procedemento de axuda de inclusión social.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que recibiu un requirimento de documentación complementaria do seu expediente de axudas de inclusión social, polo que o 24 de febreiro de 2017 entregou a documentación nos servizos sociais do Concello de Cangas co obxecto de completalo para a súa concesión. Segundo consta no expediente a traballadora social realizou informe complementario o 4 de abril, tendo rexistro de entrada na Xunta o 5 de abril de 2017. O 11 de abril resolveu archivar seu expediente por non presentar dentro do prazo legalmente establecido a totalidade da documentación requirida o 1/2/17 (acuse de recibo do 13/2/17). Presentou escrito para que comprobasen que a documentación foi remitida na súa totalidade con anterioridade. Co obxecto de apoiar a información contraditoria dos elementos a arranxar acompañouse un novo informe social.

O 3 de xullo a Consellería de Política Social resolveu desestimar seu recurso de alzada. Non tivo en conta o establecido no art. 73.3 e 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (“se admitirá a actuación do interesado e producirá os efectos legais, se se producise antes ou dentro do día no que se lle notifique a resolución na que se lle teña por transcorrido o prazo”).

Achega copia da documentación e solicita que a Consellería de Política Social revise seu expediente aceptando, segundo a normativa vixente, a documentación achegada e poda proceder á concesión da axuda económica solicitada.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Confirmara que archivou o procedemento porque considerou que cando vencera o prazo non presentara a documentación requirida. No informe aclaraba os documentos reclamados que considera que non se aportaron. Porén, a afectada achegou o escrito de arquivo e nel non se especifican. Iso parece contrario ao previsto na normativa que alega na queixa. Se a

consellería non especifica o que entende que queda por aportar a afectada non pode subsanalo o día da notificación. Esta posibilidade legal foi aplicada adecuadamente noutras ocasións pola consellería.

3. Requirimos da consellería que facilitara aclaración e nela sinálase o seguinte:

“... A xefatura territorial da Consellería de Política Social en Vigo resolveu, con data do 11 de abril de 2017, archivar a solicitude de AIS por desistencia ao non presentar a interesada toda a documentación necesaria requirida para completar o expediente.

Contra a anterior resolución denegatoria [REDACTED] interpuxo un recurso de alzada no que realizou as alegacións que estimou pertinentes en defensa do seu dereito, e que foi desestimado con data do 22 de xuño de 2017, con fundamento nas seguintes consideracións:

"Unha vez examinada a documentación do expediente considérase que procede confirmar a resolución de arquivo do expediente por desistencia da persoa interesada conforme ao establecido no artigo 35.4 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, segundo o cal unha vez recibida a solicitude polo órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial que corresponda, no caso de que non se reunise os requisitos esixidos ou faltase calquera documento preceptivo que deba achegar a persoa solicitante, requirirase esta para que no prazo de dez días achegue os documentos requiridos ou emende a falta, cos efectos sinalados no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este artigo 68.1 establece que se non se achegan os documentos requiridos no prazo indicado pola persoa interesada se terá por desistida da súa petición previa resolución que deberá ser ditada nos termos previsto no artigo 21.

Consta acreditado no expediente que mediante un escrito do 1 de febreiro de 2017, notificado o 13 de febreiro, se lle requiriu que achegase estrato bancario onde conste a totalidade dos movementos, ingresos, gastos e saldo dos últimos 6 meses das contas onde figure como titular, certificado de empadramento conxunto, aclaración sobre o concepto para o que pide a axuda e acreditar documentalmente os rendementos de capital mobiliario, base impoñible de aforro, así como vendas de activos financeiros e outros valores que constan nos seus datos da axencia tributaria. O requirimento incluía o prazo e efectos legais de non atendelo.

En resposta a este requirimento a interesada só presentou parte da documentación solicitada, porque falta acreditar documentalmente os rendementos de capital mobiliario, base impoñible de aforro, así como vendas de activos financeiros e outros valores que constan nos seus datos da axencia tributaria.

Transcorrido o prazo legalmente establecido, en data 11 de abril de 2017, a Administración ditou a resolución de arquivo do expediente por desistencia ao non achegarse a documentación requirida.

En vía de recurso a interesada alega que presentou toda a documentación solicitada.

Por todo o exposto, a alegación que realiza a interesada se considera insuficiente xa que puido dirixirse aos servizos sociais para o cumprimento do trámite e achegar a documentación ou solicitar unha aclaración sobre os documentos que se lle solicitan. Por todo isto, procede confirmar a resolución recorrida, tendo en conta que esta documentación ten carácter preceptivo, toda vez que, do seu contido, depende o resultado da resolución do expediente e a comprobación dos requisitos para a concesión da prestación”.

Como xa se lle indicaba no recurso, a interesada puido dirixirse aos servizos sociais comunitarios ou á xefatura territorial se tiña algunha dúbida sobre a documentación que tiña que achegar, pero no requirimento de documentación, do 1 de febreiro de 2017, especificábase claramente cales eran os documentos requiridos. Por outra parte, a aplicación do establecido no artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que dispón que a actuación do interesado "producirá efectos legais se se producira antes ou dentro do día que se notifique a resolución no que se teña por transcorrido o prazo", non está prevista nin obriga á Administración a facer novos requirimentos se a documentación achegada é incompleta, senón que a súa finalidade é evitar que a documentación requirida se envíe o mesmo día en que se emite a resolución, polo que non é de aplicación neste suposto.

En todo caso, como xa se lle indicou na contestación anterior á queixa, a interesada poderá interpoñer, contra a anterior resolución desestimatoria, un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte o da súa notificación, sen prexuízo da posibilidade de presentar unha nova solicitude”.

4. Insistimos en reclamar aclaración sobre os extremos mencionados e a Consellería de Política Social sinalou o seguinte:

“... Como xa se lle indicou no primeiro informe complementario, a interesada puido dirixirse aos servizos sociais comunitarios ou á xefatura territorial se tiña algunha dúbida sobre a documentación que tiña que achegar, pero no requirimento de documentación, do 1 de febreiro de 2017, especificábase claramente cales eran os documentos requiridos.

Ademais, reiterámonos en que o establecido no artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que dispón que a actuación do interesado "producirá efectos legais se se producira antes o dentro do día que

se notifique a resolución no que se teña por transcorrido o prazo", non obriga á Administración a facer novas requirimentos se a documentación achegada como consecuencia dun primeiro requirimento é incompleta, senón que a súa finalidade é permitir que, se a documentación requirida se envía fóra de prazo, pero antes ou dentro do día no que se emita a resolución, poida producir efectos.

Este último suposto, que é a posibilidade de presentar de oficio a documentación fóra de prazo, pero antes ou no mesmo día da resolución, e que se admita aquela, é o que se está aplicando actualmente nesta Administración.

En cambio, no suposto de que a documentación requirida non chegue a enviarse, ou a achegada sexa incompleta ou incorrecta, subliñamos que non hai obriga de requirir por segunda ou sucesivas veces porque nin o esixe a normativa nin sería procedimentalmente axeitado, pois o procedente é ter por desistida á persoa interesada da súa solicitude".

ANÁLISE

1. Como sinalamos nas valoracións provisionais enviadas á consellería, esta arquivou o procedemento porque considerou que cando vencera o prazo non se presentara a documentación requirida. Considera que os documentos reclamados non se aportaron, pero no escrito de arquivo non especificaos (eran varios), o que é contrario ao previsto no ordenamento. Se a consellería non especifica o que entende aportado e sobre todo o que queda por aportar a afectada non pode subsanar o día da notificación, unha posibilidade habilitada legalmente.

2. A consellería considera que non é aplicable o art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e que esa previsión non obriga á administración a facer novos requirimentos se a documentación é incompleta, senón que so ten por fin "evitar que a documentación requirida se envíe o mesmo día en que se emite a resolución, polo que non é de aplicación neste suposto".

3. O indicado non pode compartirse. O artigo citado habilita ás persoas requiridas para subsanar a falta de entrega de documentación o día da notificación do arquivo previamente advertido. Non ten o fin que indica e se transcribe no punto 2. Iso significa que para o uso da habilitación que tratamos, que constitúe un dereito, nas circunstancias do caso (requirimento de varios documentos) a consellería debe indicar os documentos que entende que non se entregaran (toda ou parte da que requiriu no seu momento), de tal forma que a afectada poda presentala nese mesmo día, tal e como permite a nova lei de procedemento e como facíase noutras normas xa con anterioridade.

4. Esa carencia non pode xustificarse indicando que a afectada podería ter solicitado aclaración sobre os documentos que se lle requirían.

5. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se revise o expediente de axuda de inclusión social obxecto da presente queixa para permitir que a afectada faga efectivo o seu dereito a coñecer os concretos documentos reclamados e que a consellería considera que non aportou, e que se permita á afectada a subsanación o día da notificación, posto que é un dereito recoñecido legalmente.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo